

RESOLUCIÓN REITORAL DE MODIFICACIÓN DE CONCESIÓN DEFINITIVA POR ESTIMACIÓN DE RECURSO DA CONVOCATORIA DE PREMIOS GIRLGECKPOWER DA CÁTEDRA DE FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO, CURSO 2023/2024

Recurso de reposición presentado por Iria Ollero Cadilla con DNI 44661921S contra a *Resolución Reitoral de 05 de decembro de 2023 pola que se publica a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e listaxe de agarda nos premios GirlGeekPOWER da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-Uvigo, curso 2023/2024*

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1. O 20 de xullo de 2023 publícase *Resolución Reitoral de convocatoria premios GirlGeekPOWER da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-Uvigo, curso 2023/2024*
- 2. Con data 28 de setembro de 2023 a recorrente presenta en tempo e forma unha solicitude de participación na devandita convocatoria xunto coa documentación requirida pola convocatoria.
- 3. Para a selección das persoas bolseiras consúltanse a base de datos académicos obtendo para a recorrente unha nota de 8,43.
- 4. O 17 de novembro réunese a comisión de selección adxudícase a recorrente a seguinte puntuación:

Nota	Puntuación asignada a carta	Valoración nota media 80%	Valoración carta motivación 20%	Total puntuación
8,43	7	6,744	1,4	8,144

- 5. O 5 de decembro publícase a listaxe definitiva de persoas con premio concedido e listaxe de agarda concedéndolle á recorrente o accésit na rama de coñecemento Enxeñaría e arquitectura coa toda vez que existe unha solicitante con maior puntuación (8,713) que obtén o primeiro premio.
- 6. O 22 de xaneiro ten entrada na Sección de Bolsas o recurso de reposición presentado o 10 de decembro de 2023 contra a *Resolución Reitoral de 05 de decembro* alegando que existe un erro na nota de acceso.
- 7. Revisado o expediente compróbase que existe un erro nas notas que afecta tanto a recorrente como a persoa beneficiaria do primeiro premio e a unha das estudantes que figura en lista de agarda sendo as correctas as seguintes:

Álvarez	Pazó	Antía	M U Enxeñaría Biomédica	7,93
Ollero	Cadilla	Iria	M U Enxeñaría Biomédica	8,8
Ceide	Sandoval	Laura Eugenia	M U Enxeñaría Biomédica	7,57

- 8. A modificación da nota non modifica a situación de Laura Eugenia Ceide Sandoval que permanece en lista de agarda, pero sen embargo afecta ao resultado final do primeiro premio e o accésit, polo que se convoca unha nova xuntanza da comisión de selección.

9. O 31 de xaneiro reúnese a comisión de selección e acorda corrixir as puntuacións das afectadas que teñen recibido o primeiro premio e o accesit quedando do seguinte xeito:

Apelido1	Nota	Puntuación carta	80% nota	20% carta	PUNTUACIÓN FINAL
Álvarez Pazó, Antía	7,93	10	6,34	2	8,34
Ollero Cadella, Iria	8,8	7	7,04	1,4	8,44

10. O 7 de febreiro mediante Resolución Reitoral envíase a Antía Álvarez Pazó a proposta de modificación de adxudicación outorgándolle un prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamación de estimalo oportuno.

11. O 10 de febreiro Antía Álvarez Pazó presenta alegacións manifestando a súa disconformidade coa modificación proposta ao non ser responsable dos erros cometidos na xestión do procedemento.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

- Resolución reitoral pola que se convocan premios GirlGeekPOWER da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo, curso 2023/2024 que establece na súa base sexta que a selección será efectuada pola comisión de avaliación de acordo cos seguintes criterios:
 - Nota media do expediente de grao e de acceso aos estudos de mestrado: 80 % da puntuación
 - Carta de motivación: 20 %

ESTA REITORÍA RESOLVE

- Estimar o recurso presentado por Iria Ollero Cadilla ao comprobar que houbo un erro na nota de acceso e concederlle o primeiro premio na rama de Enxeñaría e Arquitectura polo que lle corresponde unha contía de 2.000 €
- Os fondos destinados a esta modificación irán con cargo á aplicación orzamentaria 2024 0000 121D 482.99 e o importe máximo do crédito retido ascende a 1.000 € para o que se achega o correspondente certificado de existencia de crédito.
- Modificar a resolución de concesión de Antía Álvarez Pazó e concederlle o Accésit por un importe de 1.000 € ao existiren unha solicitude con maior puntuación.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa

Vigo, na data da sinatura electrónica
O reitor